



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 23 DE XULLO DE 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia o estudante Gonzalo Faya Filgueiras e os profesores Sonia Souto Camba, Luis Hervella Nieto e Manuel-Reyes García Hurtado.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

### **1. Informe do reitor**

Tras dar a benvida aos asistentes, **o reitor** dá conta da reunión do Consello Galego de Universidades do 28 de xuño, en que se someteu á consideración o proxecto de Decreto de prezos públicos das ensinanzas oficiais conducentes á obtención de títulos universitarios. O voto do representante da Universidade da Coruña foi favorable, matizando que se segue mantendo a oposición ao Real decreto-lei 14/2012. O Decreto foi aprobado no Consello da Xunta de Galicia do pasado día 18 de xullo.

Tamén informa da reunión que tivo lugar o 18 de xullo na Dirección Xeral da Mariña Mercante, en que se aprobou un protocolo de intencións coa *Asociación de Navieros Españoles* (ANAVE) para realizar prácticas de mestrado que ofrece a formación específica para as profesións mariñas.

O 19 de xullo asinouse un convenio de colaboración entre as tres universidades, en representación dos institutos biomédicos de investigación sanitaria e a Consellaría de Sanidade, para impulsar iniciativas investigadoras conxuntas neste campo.

Por último, o reitor dá conta do nomeamento do profesor Mauro Fernández como director da Cátedra Inditex de Lingua e Literatura Española na Universidade de Dakha (Bangladesh), de conformidade coa quenda rotatoria da dirección desta. Foron tamén nomeados os profesores Jaime Rodríguez e Óscar Cabeza como directores, respectivamente, do CICA e dos SAI. Finalmente, o reitor agrádelle ao profesor Miguel Ángel



González Valeiro os servizos prestados como director da Unidade Técnica de Calidade.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da ampliación de capital na empresa Appentra, participada pola UDC, e da achega feita pola universidade para manter a súa porcentaxe de participación nela do 5%. Así mesmo, informa da obtención, por parte desta empresa, do premio na categoría de empresa nova, no XIII concurso de proxectos empresariais innovadores organizado pola USC.

O vice-reitor informa tamén da notificación recibida de intención de transmisión de participacións por parte da Fundación Pedro Barrié de la Maza, en favor de don Eladio Crego, por valor do 1,133% da empresa Torus, participada pola UDC. A UDC decidiu non exercer o seu dereito preferente de adquisición nestas circunstancias. Infórmase ademais, da recente cualificación da empresa Enxenio como empresa asociada da UDC, tras o preceptivo informe favorable da OTRI e a autorización por parte da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, do que se dá conta para os efectos oportunos.

O vice-reitor informa tamén da recente publicación no *Diario Oficial de Galicia* do Decreto da Xunta de Galicia polo que se crea a Escola Internacional de Doutoramento da Universidade da Coruña (EIDUDC). Así mesmo, dá conta tamén do proceso de verificación dos programas de doutoramento que se implantarán no próximo curso 2013-2014 e do proceso previsto para a constitución dos órganos colexiados da EIDUDC. Infórmase tamén da sinatura dun convenio entre a UDC e a empresa Inditex mediante o cal a dita empresa achegará 100.000 euros anuais para financiar as estadias internacionais de estudantes da EIDUDC da Universidade da Coruña co obxecto de que poidan cumprir os requisitos para optar a que a súa tese de doutoramento acade a mención internacional. Infórmase tamén da publicación das convocatorias, por parte da Xunta de Galicia, para proxectos de investigación de equipos emerxentes e de consolidación de grupos de investigación.

O vice-reitor informa da resolución provisoria da convocatoria de proxectos FEDER-Innterconecta. Dos 79 proxectos concedidos nela, hai 20 en que participa a Universidade da Coruña a través de distintos grupos de investigación que teñen subscritos contratos de transferencia por un importe total de algo máis de 3 millóns de euros.



Infórmase tamén da realización na UDC, o pasado 9 de xullo, dunha xornada informativa por parte da subdirectora xeral de Proxectos de Investigación do MINECO, en que se deu conta das importantes novidades que se recollen nas próximas convocatorias de proxectos de investigación do MINECO. Así mesmo, tamén se informa da realización na UDC de senllas xornadas informativas de proxectos europeos, tanto do *European Research Council*, como de accións Marie Curie. Tamén se informa da realización de varias xornadas informativas que está a organizar a Axencia Galega de Innovación para presentar os novos instrumentos e convocatorias que publicará ao longo das próximas semanas. Unha destas xornadas tivo lugar na UDC o pasado 16 de xullo.

O vicerreitor dá conta tamén dos resultados da avaliación de grupos de investigación, unidades de investigación e investigadores individuais por parte do ANEP neste ano 2013, así como da recente publicación dunha convocatoria extraordinaria.

Finalmente, infórmase das xestións que se están a realizar cara á sinatura dun convenio para que a Universidade da Coruña sexa beneficiaria dun importante proxecto de investigación, o proxecto A-TEMPO, dentro do chamado fondo tecnolóxico. A primeira fase deste proxecto será financiada por parte do MINECO (cofinanciada tamén pola UDC) cun importe total aproximado de 3,2 millóns de euros, que haberá que executar non máis tarde de mediados do ano 2015. A execución deste proxecto implicará a posta en marcha na UDC de mecanismos de compra pública innovadora, na súa versión de compra pública precomercial, en que se está xa a traballar desde a universidade. Nestes momentos estase tramitando un convenio co MINECO, que vén de acadar o informe favorable realizado pola Avogacía do Estado e os informes favorables realizados pola Intervención e a Asesoría Xurídica da Universidade da Coruña. O convenio estase a tramitar para recibir informes do MINHAP e, finalmente, para a súa aprobación final polo Consello de Ministros, esperando que esta se produza antes de finais deste ano 2013.

O **vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa dos cambios parciais producidos no seo da CGIACA: Jorge Teijeiro foi substituído por Luis Castedo. Informa tamén da posta en marcha dun novo *Portal de títulos* que pretende centralizar a información pública dos títulos de grao e mestrado da UDC, así como a información dos resultados e seguimento destes.



No proceso de certificación dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade hai que indicar que xa se realizaron as visitas das comisións da auditoría externa nos dous centros que participan no programa piloto (Facultade de Economía e Empresa e a Facultade de Informática). Polo informe preliminar da comisión externa pénsase que pode obterse a acreditación, xa que non se indicaron máis que desconformidades leves.

Detectáronse incongruencias entre a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao da UDC, aprobada no Consello de Goberno do 29/05/2012, e normas posteriores no relativo ao número máximo de créditos de que se poden matricular os estudantes. Inicialmente establecéronse 75 que, posteriormente, en sucesivas normas foron incluídos, por petición dos estudantes, 78 por ser múltiplo de 6. Polo tanto, cómpre modificar o apartado 2.b do artigo 2 da Norma de dedicación indicando que o número máximo de créditos para se matricular é 78.

Neste momento está aberto o primeiro prazo de matrícula nos mestrados e estase a detectar algún problema debido a que os futuros estudantes non poden completar a tempo os trámites administrativos de obtención do título e, tendo en conta que o próximo prazo de preinscrición non será ata o final de agosto, vaise prorrogar o prazo de matrícula desde o día 24 ao día 31 de xullo para facilitar o proceso de matrícula.

**A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa de que desde o anterior Consello de Goberno, de conformidade coa Base 9ª.2 do Orzamento, se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 104.684,05 euros nos expedientes V-0016-13 e V-0017-13 e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno nas súas sesións do 28/06 e do 18/07 validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2013 por importe total de 313.584,72 euros nos expedientes C-0006-13, C-0007-13, C-0008-13 e C-0009-13.

**O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** informa, como xa foi anticipado no anterior Consello de Goberno, da prórroga do II Convenio colectivo do PDI laboral das tres universidades galegas o pasado 2 de xullo. Esta prórroga manterá en vigor o contido do II Convenio até o 31 de decembro do 2014.

**A vicerreitora de Estudantes, Deporte e Cultura** informa sobre a proposta de distribución das 39 bolsas de colaboración en departamentos que o Ministerio lle concedeu á UDC (BOE do 13 de xullo). A proposta baséase sobre os resultados das solicitudes do curso 2012/2013,



adxudicando 1 bolsa a cada un dos 29 departamentos que cumprían os requisitos. Os catorce departamentos restante foron ordenados por número de grupos de investigación ata completar 39. Na primeira listaxe de agarda, que recolle o caso dos departamentos que teñen un único grupo, a orde foi a alfabética. A segunda listaxe volve postular unha adxudicación a corenta e tres departamentos relacionados pola orde antes descrita. O obxectivo é cubrir todas as bolsas.

**A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa dos seguintes resultados de convocatorias ou axudas.

En primeiro termo, a comezos do mes de xullo resolveuse a convocatoria das accións Jean Monnet da Comisión Europea. Resultou escollido, como “centro de excelencia”, o proxecto da UDC, Institucións e Dereito da UE, coordinador polo profesor José Manuel Sobrino Heredia, a quen felicitamos polo seu éxito, nunha convocatoria onde só o 33% das propostas foron seleccionadas.

Asemade, dentro da convocatoria 13/14 de subvencións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para favorecer a mobilidade de profesores visitantes e de estudantes en mestrados desenvolvidos conxuntamente por universidades francesas e españolas, e dun total de 6 proxectos, foi seleccionado o mestrado da UDC de migracións internacionais, en virtude dun convenio que se asinou coa Universidad de Poitiers. Péchase o capítulo de convocatorias co aviso de que se publicou e está vixente a terceira convocatoria de mobilidade internacional 13/14 coas prazas vacantes para o segundo semestre e as de mestrados.

Desde o 1/9/2013 a UDC asume a xestión da “Cátedra Inditex de Lengua e Literatura Española na Universidade de Dhaka (Bangladesh)”, en que participan a USC e a UDC. Trátase dun convenio asinado en 2010 e que foi xestionado no primeiro período pola USC, que lle cede o lugar agora á UDC, cuxo principal obxectivo é a promoción do español e da cultura española nesa comunidade. Con cargo a ese convenio é a convocatoria dunha praza de profesor de español para a devandita cátedra cuxa resolución se publicou nestes días (o 17 de xullo).

Dentro das accións que se están a desenvolver para a internacionalización da UDC, este ano ofrecemos un curso de inmersión lingüística e cultural para estudantes estranxeiros, durante o mes de agosto, cuxo programa está na web e que está tendo moi boa acollida. Tamén, para a primeira semana de setembro, e xa para os estudantes de mobilidade internacional do curso



2013/2014, organizamos una *Orientation week* (semana de orientación) coa finalidade de mellorar a integración dos estudantes internacionais na nosa universidade e de cumprir o catálogo de boas prácticas na xestión dos programas de mobilidade internacional.

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informa que o pasado xoves tivo lugar o relevo na dirección da Cátedra Jorge Juan. Para o próximo curso foi nomeado como director da Cátedra, Salvador Naya Fernández, profesor titular de Estatística do Departamento de Matemáticas.

O **secretario xeral** informa da publicación na web da UDC o pasado 2 de xullo, dunha circular conxunta coa Vicerreitoría de Estudantes, Deporte e Cultura sobre a aplicación da STS do 21 de maio de 2013, pola que se anula o Real decreto 1707/2011, de prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, unha vez publicada no BOE do 28 de xuño, e das distintas actuacións levadas a cabo perante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O **xerente** informa, na súa quenda, en primeiro lugar, do expediente que se remite ao Consello Social relativo á modificación da normativa de uso dos bens de dominio público da UDC. A normativa vixente foi aprobada o 23 de maio de 2001 e realizouse a última revisión xeral de prezos o 24 de agosto de 2007. As actuais tarifas correspondentes ás instalacións deportivas foron aprobadas polo Consello Social o 10 de xuño de 2010. Co obxecto de actualizar estas normas de xestión, incluír novos equipamentos e usos e de atender ás especificidades das instalacións deportivas, tanto da área de Deportes como das propias da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, propónse a súa modificación.

Infórmase tamén de que se completou a revisión inicial do novo Convenio colectivo do PAS laboral; unha vez se dispoña do novo texto revisado, realizarase unha segunda lectura co Comité de Empresa (comisión negociadora) para a súa aprobación definitiva.

Por outra parte, o Consello de Contas vén de comunicar que o programa de fiscalizacións do Tribunal de Contas para 2013 inclúe a fiscalización do conxunto das universidades públicas españolas, tras o último informe realizado no ano 2003. O Consello de Contas desenvolverá as tarefas de obtención da información correspondente ás universidades galegas, polo que se está a preparar, coa colaboración dos servizos e centros, a documentación necesaria.



Finalmente, informar de que, en execución das sentenzas ditadas polo Xulgado do Social n.º 5 da Coruña con data 13 de xuño de 2013, se declararon nulos os despedimentos de D.<sup>a</sup> Janet Fernández López e de D.<sup>a</sup> María José Tovío Núñez e nos vindeiros días procederáse á súa readmisión como axente de emprego e como administrativa de emprego, respectivamente. Ambas as sentenzas foron recorridas en suplicación perante o TSXG.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 26 de xuño**

Neste punto, Nuria Vieira solicita que conste na quenda aberta de intervencións a súa intervención, referente a que as protestas do PAS contra os recortes orzamentarios non só ían dirixidas á Xunta, senón tamén ao equipo de goberno.

O estudante Carlos Hugo González solicita que se corrixa o seu apelido (nalgúns momentos, na acta consta que se apelida Martínez)

Con estas correccións, a acta da sesión ordinaria do 26 de xuño é aprobada por asentimento do Consello de Goberno.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en nove (9) convenios marco, oito convenios específicos (8), e oitenta e tres convenios para prácticas (83) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbese por asentimento.

## **4. Modificación do Regulamento interno da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física**

O secretario xeral explica que, desde a integración do INEF na Universidade da Coruña no ano 2004, non se fixera unha adaptación do regulamento interno do centro ás distintas modificacións normativas, polo que o novo equipo decanal decidiu actualizar este.



O borrador da actualización foi informado pola Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo IV**

## **5. Liquidación das contas correspondentes ao exercicio orzamentario de 2012**

O reitor pásalle a palabra ao xerente, quen expón os principais aspectos da liquidación das contas do exercicio 2012.

Tras a exposición, Luis Castedo intervén para solicitar que, sen prexuízo de toda a información que se achega, se faga un resumo executivo, máis simplificado, para publicar na web. Considera positivo o saldo favorable, e o feito de que haxa remanente. Preocúpalle, no entanto, o forte desequilibrio entre os pendentes de cobramento e os pendentes de pagamento, e o feito de que o remanente diminúa respecto de anteriores exercicios.

O profesor Anxo Calvo súmase á solicitude anterior de facer accesible na web un resumo executivo da liquidación, para que as persoas profanas poidan comprender axeitadamente o contido da liquidación. Considera que é unha boa noticia que o saldo de operacións non financeiras sexa positivo. Tamén considera boa noticia deixar de cubrir gasto con remanentes. Malia todo, a situación orzamentaria está razoablemente equilibrada, e séguese cunha política de aforro: dos 6.152.000 € de remanentes non afectados, só se utiliza a metade no actual exercicio. Tamén lle parece positiva a depuración de débedas pendentes de cobramento. Por último, lembra que a liquidación das contas foron auditadas externamente.

Tras un balance do reitor sobre a situación económico-financeira que pon de manifesto a liquidación das contas do 2012, apróbase a liquidación por asentimento.

Antes de rematar o punto, intervén o secretario xeral para reclamar que, por respecto institucional aos medios de comunicación e ao Consello Social, os membros do consello de goberno fagan un uso responsable da documentación do Consello de Goberno, dado que o documento da liquidación foi filtrado a un medio de comunicación, e hoxe é portada.

A liquidación é aprobada por unanimidade e incorpórase como **anexo V**.





## **6. Aprobación do Regulamento interno da residencia pública universitaria de Ferrol**

O reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura. María José Martínez explica a necesidade de contar cun regulamento interno para a posta en marcha do servizo de residencia pública universitaria no Campus de Ferrol, e expón os seus principais puntos.

A representante do PAS, Carmen Cartamil, pregunta se no punto 11, referente aos feitos que se consideran faltas graves, o consumo ou tráfico de sustancias estupefacientes ou psicotrópicas inclúe o alcohol. A vicerreitora replica que sí.

O estudante Miguel Valeiro interésase sobre o réxime de entrada na habitación do estudante para inspeccionar a limpeza do cuarto. A vicerreitora garante que, nestes casos, o estudante estará presente, e propón incorporar unha cláusula ao regulamento para garantilo.

A representante do PAS Nuria Vieira pregunta se se vai poder utilizar a residencia en período non lectivo para intercambios de PAS. A vicerreitora di que non se impide, e que non habería inconveniente.

Inés Pernas intervén para indicar que hai unha errata no punto 2 (dereitos).

Con estes comentarios, apróbase por asentimento do Consello de Goberno e incorpórase como **anexo VI**

## **7. Proposta de convocatoria de prazas PDI contratado curso académico 2013/2014**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación docente dá conta da proposta de 10 prazas de PDI contratado para o vindeiro curso académico que figuran no **Anexo V**. As prazas foron informadas favorablemente pola mesa sindical e a COAP.

Trátase de dúas prazas de profesor asociado para cubrir o déficit na capacidade docente da área de coñecemento; tres prazas de axudante doutor e tres prazas de contratado doutor, que responden á promoción autorizada pola Xunta para este ano; e por último, dúas prazas de contratado interino de substitución, destinadas a cubrir déficits na capacidade docente da área correspondente.



Apróbanse por asentimento, e incorpórase como **anexo VII** pero condicionadas a que chegue a autorización da Consellaría de Facenda respecto das prazas de promoción a contratos indefinidos (CD), que aínda non chegou.

#### **8. Proposta de cambios de dedicación curso académico 2013/2014**

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente explica os cinco cambios de dedicación solicitados por catro profesores asociados e un contratado interino de substitución. Trátase de catro reducións e un incremento de dedicación.

A proposta apróbase por asentimento e incorpórase como anexo VIII á acta deste Consello de Goberno.

#### **9. Proposta de cambio de departamento e área de coñecemento**

O vicerreitor de Profesorado explica os motivos do cambio de área de coñecemento do profesor asociado P06 Manuel Andrés Soage Quintáns, que pasa, dentro do Departamento de Métodos Matemáticos e de Representación (Área de Proxectos Enxeñaría), desde a Área de Proxectos de Enxeñaría á Área de Matemática Aplicada. Conta co informe favorable do Departamento, e pedimento do interesado.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IX**

#### **10. Proposta de concesión de venias docentes**

O vicerreitor de Profesorado solicita a concesión de venia docente para o profesor Juan Mario Crecente Maseda, para impartir a materia Xestión Turística do Patrimonio no centro adscrito de Turismo.

Apróbase a proposta por asentimento e incorpórase como **anexo X**

#### **11. Proposta de renovación de profesorado honorario**

Trátase da primeira prórroga da profesora honoraria María Sagrario López Poza, da Área de Literatura Española, até o 30 de setembro do 2015.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XI**



## **12. Autorización de títulos propios de posgrao para o curso académico 2013/2014**

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Preséntanse para aprobación os títulos que recibiron o informe favorables da Comisión de Estudos Propios de Posgrao. Trátase da renovación de 14 cursos de especialización e algún dos cursos de teñen cursos derivados de menor duración. Como títulos novos preséntanse tres títulos, dos cales un deles presenta dous curso derivados.

O vicerreitor indica que nas ficha remitidas destes cursos existen erros que temos que corrixir: no Curso de Especialización en Xestión Empresarial da Innovación hai que engadir unha nova entidade colaboradora, a Axencia Galega de Innovación (GAIN), e nos cursos derivados, Curso de Formación Específica de Posgrao en Innovación na Empresa: I+D+MK e Curso de Formación Específica de Posgrao Xestión Integral da Empresa Innovadora, o custo dos cursos é de 400€ e incorpóranse como codirectores o profesor Andrés Faíña e o prof. Rafael García.

Na quenda de intervencións, o profesor Manuel Casteleiro pregunta se hai algunha normativa sobre a determinación de prezos. O vicerreitor di que a comisión ten uns criterios internos, para controlar e xustificar os prezos, para que os estudantes non deixen de matricularse.

María Luisa Sánchez Simón solicita que conste en acta o seu voto en contra.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XII**

## **13. Quenda aberta de intervencións**

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Carlos Hugo González intervén para solicitar explicacións ao xerente sobre a convocatoria de eleccións ao Comité de Empresa dos traballadores de capítulo VI. Considera que realizou un “boicot” ao proceso ao non admitir a primeira proposta de convocatoria de eleccións.



Daniel Pena solicita información á vicerreitora de Estudantes sobre a orde de cobertura das bolsas de colaboración en departamento que aparece na web.

Luis Castedo pregunta se se vai aplicar con carácter retroactivo a obriga de cotización aos estudantes. Expresa o seu desgusto co que está a pasar.

Ignasi Colominas: estado actual da remodelación do edificio do CITEEC. Estado da legalización do edificio da Área Científica.

Anxo Calvo fai un rogo para que no futuro, no proceso de inscrición nos mestrados universitarios, se habilite un portal para que os estudantes introduza as súas solicitudes de inscrición e se poidan xestionar de forma integrada. Custa traballo adaptar os prazos de matrícula en mestrados aos prazos de finalización dos estudos de grao, polo que se debe facer un esforzo para mellorar este punto.

Moisés Canle pregunta se é posible solicitarlle á Xunta unha ampliación de prazo de inscrición en mestrados, máis aló do 20 de setembro, para que se permita computar o último prazo de matrícula. En segundo lugar, na web da Consellaría de Educación, aparece unha listaxe de validación de ciclos superiores de FP, pendentes de conveniar, que non coincide para nada coas listaxes que propuxo o centro, e que permite validar mesmo 54 créditos, e non só 30.

María Luisa Sánchez Simón dá máis información sobre o proceso de eleccións sindicais no capítulo VI. Di que esta é unha das poucas universidades que ten Comité de Empresa no capítulo VI. CC.OO solicitou que o persoal investigador de capítulo VI se incorporara ao convenio colectivo do PAS, pero os outros tres sindicatos rexeitaron esta posibilidade. O preaviso dado pola CIG incluía eleccións no mes de agosto; acontece ademais que a CIG é minoría no ámbito de representación.

O xerente contesta a primeira e última intervención, explicando que se tratou de actuar coa máxima neutralidade, aplicando estritamente do artigo 67 do estatuto dos traballadores. Dado a existencia de controversia na parte social, agardouse a resolución do laudo arbitral solicitado pola parte maioritaria do ámbito de representación, que lle resultou favorable a esta parte e, por tanto, ao segundo preaviso de convocatoria de eleccións.

A vicerreitora explica de novo os criterios que levan a facer a “lista de agarda” da concesión de bolsas de colaboración, dados os problemas que



xurdiron na convocatoria deste ano. E no caso da primeira listaxe, di que a disposición dos catro departamentos se fixo por orde alfabética.

O secretario xeral opina, como o profesor Castedo, que a perspectiva para as prácticas externas é moi negativa, pola situación creada pola rapidísima publicación no BOE da STS do 21 de maio, pero a prudencia aconsella que, a partir do 29 de xuño, os convenios que se asinen vaian adaptados á nova situación, para o cal desde o día 2 de xullo están dispoñibles na web.

Amalia Blanco contesta ao profesor Ignasi Colominas que a APLU remitiu as actuacións de legalización ao concello da Coruña. O PXOM ten xa a previsión da legalización, e está xa publicado. Entrará en vigor o 27 de xullo, polo que xa estamos en conversas coa área de urbanismo para obter as licenzas no máis breve prazo posible. No edificio da área científica hai que tramitar a acometida eléctrica, e teremos que ir prevendo a ocupación do edificio. O caso do CITEEC é diferente, pois non está rematado. Estase nestes momentos supervisando o proxecto presentado pola Fundación da Enxeñaría Civil para continuarmos as obras.

O vicerreitor de títulos, en réplica ao profesor Anxo Calvo, considera que unha aplicación informática non arranxaría o problema da preinscrición nos mestrados. Respecto dos prazos, os calendarios tratan de adaptarse ás distintas formas de remate dos graos, aínda que será necesario seguir facendo un esforzo para favorecer a máxima facilidade de matrícula. En réplica ao profesor Canle, o vicerreitor xa transmitiu en repetidas ocasións os problemas do prazo do 20 de setembro. Estase buscando unha saída, en conversas coa Consellaría. Respecto dos ciclos de FP, aclara que a validación de créditos é, como mínimo, de 30, pero poden validarse máis. Respecto do catálogo, haberá unha corrección de erros.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:47 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito